

---

**O PROXECTO RECUPERACIÓN, ANÁLISE E  
DIVULGACIÓN DA TOPONIMIA MENOR DA CORUÑA  
E DA SÚA COMARCA:  
UNHA SUCESOSA EXPERIENCIA PARA A  
AGRUPACIÓN CULTURAL ALEXANDRE BÓVEDA**

Estefanía Mosquera Castro  
Xosé Manuel Sánchez Rei (eds.)

**1. Unha actividade de singular transcendencia para a entidade e para a ciudadanía**

Desde hai algúns tempos, a Xunta Directiva da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda leva reparado na importancia dos nomes de lugar como valiosísimas fontes de información en termos culturais, demográficos, económicos, lingüísticos e até paisaxísticos para nos podermos aproximar doutras épocas, tal e como se ten salientado en moitos traballos clásicos sobre onomástica: detrás dun topónimo costuma haber unha viaxe na historia que nos proporciona datos relevantes sobre o noso percurso como pobo, segundo teñen afirmado asisadamente, entre outros, especialistas como Manuel Ferreiro, Fernando Cabeza Quiles ou Joseph-Maria Piel. Nestes medios, os nomes de lugar da cidade da Coruña e da súa contorna máis inmediata non constitúen unha excepción a ese respecto e así, grazas a eles, vira doado o acceso a unha serie de información relativamente ao modo de vida das xentes que noutrora habitaron a localidade e a súa comarca. Por iso, cando se pensou por parte da Xunta Directiva da Asociación Cultural Alexandre Bóveda que podería ser un tema extremadamente adecuado para se formular cal un conxunto de actividades destinadas a analizaren e a daren a coñecer toponimias menores da cidade e das súas zonas de influencia, tíñase plena constancia do valor e do significado dos nomes de lugar e da imperiosa necesidade de que non fiquen no esquecemento, embora con algúns, infelizmente, tal propósito se torne complexo de máis.

Así as cousas, como consecuencia do acordo adoptado o día 3 de outubro de 2013 na reunión ordinaria da Xunta Directiva da entidade, decidiuse programar diversos actos destinados, xustamente, a promocionaren o patrimonio toponímico da cidade da Coruña e da súa contorna. Froito dessa decisión, durante o ano 2014 tivo lugar o desenvolvemento do proxecto denominado RECUPERACIÓN, ANÁLISE E DIVULGACIÓN DA TOPONIMIA MENOR DA CORUÑA E DA SÚA COMARCA, que contou co apoio económico da Deputación Provincial da Coruña. No seu conxunto, foron organizadas diferentes actividades a que se fará referencia máis abaixo, mais todas e cada unha delas, de certo que de variada índole, estiveron vinculadas entre si por un eixo fundamental, que foi a valorización dos topónimos menores da Coruña e da súas árees más próximas. Varios foron os obxectivos perseguidos co antecitado proxecto, coidamos que en xeral atinxidos: en primeiro lugar, mostrar á cidadanía o valor dos nomes de lugar como medios para as persoas humanizaren a terra e interiorizaren a paisaxe, nunha unión vital das mulleres e homes doutros tempos co hábitat en que moraron. En segundo lugar, reivindicar que as toponimias galegas en xeral e as coruñesas en particular merecen outro destino antes que o de engrosaren as gavetas da desmemoria colectiva, quer sexa por causa de políticas municipais totalmente irrespectosas co legado toponímico, quer sexa por vontades de promotores urbanísticos aos cales nada importa a terra que lles garante o sustento. En terceiro lugar, analizar, na medida das nosas posibilidades, algúns dos nomes de lugar detectados na rexión ártabra e ver como, a pesar dalgunhas idiosincrasias locais, colocan a cidade e a súa comarca na cerna más profunda da galeguía lingüística. E, finalmente, recuperar, áinda que sexa modestamente, unha parte dun valiosísimo legado toponomástico da zona, tan en risco de se perder para sempre.

Para levar a cabo estas intencións, foron coordinados diversos eventos, dos cales os más importantes poden sintetizarse do modo que segue:

1. Roteiros toponímicos, desenvolvidos os días 22 de novembro e o 13 de decembro de 2014, en que se ían sinalando nomes de lugar descoñecidos para a maior parte da cidadanía e dando, ao paso, información sobre o seu significado e a súa conexión con outras toponimias de diferentes rexións do país.

2. Unha exposición fotográfica de nomes de lugar da localidade, intitulada “A microtoponimia desaparecida da cidade da Coruña”, que estivo aberta ao público desde o día 20 de novembro de 2014 até ao día 31 do mesmo mes, e nel cal se reflectían topónimos atendendo aos seguintes criterios: (a) aqueles que se achaban barbarizados pola presión do español, como a \*Calle / Rúa Caballeros pola Rúa dos Alcabaleiros, \*Riego de Agua, en vez de Rego da Auga, etc.; (b) nomes de lugar que foran substituídos sen motivo aparente polas decisións caprichosas de certos gobernos locais, do tipo \*Calle / Rúa Gambrinus en vez da Agra de Cances e O Regueiro; e (c) topónimos que conseguiron manterse intactos até aos nosos días, cal Cances, O Lagar, Loureiro, etc.

3. Un ciclo de conferencias, no cal algunas persoas, ben coñecidas no ámbito da investigación filolóxica ou na dinamización cultural, desenvolveron diversos aspectos da toponimia galega ou coruñesa, abordando temas como as relacións entre literatura e toponimia, a necesaria reivindicación dos nomes de lugar, os aspectos máis relevanes da toponimia de certas árees próximas, a riqueza microtoponástica de determinadas árees etc.

4. Unha mesa redonda e sesión de encerramento das actividades, na cal varios membros da Xunta Directiva da entidade, acompañados polo público que asistiu regularmente ás actividades, puxeron en común todo o valor do traballo efectuado no marco do proxecto: a boa acollida que tivo, as liñas xerais que orientaron as actividades, as conclusións xerais a que se chegou, resumo dos labores realizados, a necesidade de continuar a traballar nesta liña etc.

O presente libro, *Aspectos da toponimia menor coruñesa*, parte dese conxunto de eventos. Enforma un dos labores desenvolvidos posteriormente no marco dos actos e recolle a maior parte das conferencias proferidas durante o ano 2014 no ámbito do proxecto antecitado, RECUPERACIÓN, ANÁLISE E DIVULGACIÓN DA TOPONIMIA MENOR DA CORUÑA E DA SÚA COMARCA; tamén compila algún outro texto que, polo seu interese e pola vinculación temática que presentaba a respecto doutros, foi incluído aquí. Fieis ao espírito aberto

e participativo das xornadas, os responsábeis da edición deixaron total liberdade ás autoras e aos autores para que optasen por unha vía de transmisión do coñecemento ora máis divulgativa ora más erudita, quer más científica quer más literaria, ora más reivindicativa ora más expositiva. Achan que o produto final, en que conflúe toda esa multiplicidade de perspectivas, serve de ilustrativa mostra en que ten cabida unha poliédrica visión do inmenso valor cultural dos nomes de lugar galegos e coruñeses.

Algúns tópicos foron larga e longamente subliñados nas conferencias e postos en relevo polo público asistente e nesta obra colectiva, como non podía ser doutro modo, tamén aparecen reflectidos. Así, por exemplo, o público lector notará que varios dos contributos salientan o inmenso legado toponomástico da Galiza, un dos más fecundos da Romanía. Ao mesmo tempo, quen ler atenciosamente estas páxinas reparará, a teor do exposto nas palestras, na importancia da reivindicación perante os responsábeis políticos da urgente necesidade de manter o patrimonio toponomástico do país. E ese mesmo público tamén percibirá que moitos dos traballos botan man da literatura para exemplificaren como os nomes de lugar representan un valor sociocultural de perfecta maridaxe entre saberes e disciplinas diversas, das cales os textos literarios, como recreacións estéticas da lingua, se erixen nuns magníficos expoñentes ao respecto: descubrimos estilizacións artísticas de topónimos grazas a vultos clásicos e contemporáneos das nosas letras, cal Antón Patiño Regueira, Castelao, Cesáreo Sánchez Iglesias, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Luís Villalta, Xurxo Borrazás etc., e até do cancionero de transmisión anónima compilado por Pérez Ballesteros no século XIX, segundo se poderá verificar ao seren lidos os textos do libro.

## 2. Os textos

Ao viaxar, facendo unhas *Pelerinaxes*, ao estilo da monxa galaica Exeria ou como as que levou a cabo Ramón Otero Pedrayo na compañía de Vicente Risco e Fernández-Oxea, ou *Andando a Terra*, xunto a Manuel María, van contemplándose os nomes de lugar por que se pasa e a memoria vai apropiándose dalgun modo da historia deses roteiros. E este libro tamén favorece trazexarmos un percurso xeográfico-cultural

por algunas rexións do país: comezamos a rota toponímica cun artigo sobre a cidade da Coruña e a comarca de Bergantiños, terra natal de Xosé Ramón Freixeiro Mato, quen exerce de guía ao longo de todo este traxecto. O percurso xeográfico pola toponimia tradicional serve ao filólogo bergantiñán para formular tamén unha viaxe á nosa historia, á nosa literatura e ás nosas raíces e reclamar, así, a preservación, o uso e o estudo do noso patrimonio colectivo, material e inmaterial “para comprendermos e podermos explicarnos quen somos e de onde vimos”. Desde esta perspectiva ecolólica, a toponimia tradicional eríxese como alicerce da nosa identidade como pobo e como referente “dun pasado e dun presente que nos permite vivir en harmonía coa natureza” e que garante o seu futuro.

Continuándomos o itinerario cara ao leste desde Bergantiños, achamos o seguinte texto, da autoría de Xurxo Couto, arqueólogo e historiador de formación, que nos adentra no fértil patrimonio toponímico do Concello de Arteixo e que nos aproxima da cidade da Coruña. Nel, o autor propón diversas posibilidades de clasificación para os nomes de lugar desta zona e analiza varias das súas toponimias maiores. Desta maneira, a través de Armentón, A Estrela, Gomesende, Monteagudo, ou O Rexedoiro, o historiador arteixán revélanos a importancia da toponimia entanto que concreción lingüística da vinculación histórica dun pobo coa súa xeografía e coa súa cultura.

Deixando o contributo de Xurxo Couto, avanzamos máis uns pasos e achámonos coa proposta de Miguel Anxo Mato Fondo, a cal ofrece ao público lector unha perspectiva asaz interesante en que converxen a riqueza expresiva e o poder evocativo da toponimia coa liricidade da poesía. O roteiro literario a que nos traslada o escritor revela a importancia da literatura galega e dos seus escritores e escritoras por constituíren excelsos elos de transmisión do rico universo toponímico da Coruña e da súa comarca, que perdura e que se reinventa a través dos seus textos. Así, as obras de vultos xa consagrados nas nosas letras como Rosalía, Curros e Pondal, e doutros más próximos no tempo, como Novoneyra, Manolo Rivas ou Luís Villalta, móstrannos o valor poético da toponimia coruñesa, en que –parafraseando o autor– o camiño se apropia en moitos casos do papel de protagonista.

E dun soporte imperecedero como a literatura pasamos a outro menos permanente, mais igualmente importante na actualidade, da man de Estefanía Mosquera, a cal aborda esta materia relativamente aos novos escenarios que a revolución tecnolóxica creou para a comunicación inter persoal. Para esta autora, as tipoloxías textuais dixitais e a súa variedade gráfica constitúen unha fonte de grande valor para a abordaxe sincrónica da toponimia pois, como ela propia indica, son “hodiernamente espazos moi transitados polas galegas e polos galegos e, por tanto, son tamén testemuña de múltiplas referencias toponímicas e antropónímicas que lles permiten nomearen e posuíren as realidades físicas nese novo espazo dixital”.

Continúa esa viaxe agora da man de Xosé Manuel Sánchez Rei, que reivindica a existencia de antigos nomes de lugar que, por causa de políticas municipais e urbanísticas, ficaron hoxe só na memoria dalgunhas persoas idosas, as cales, ao desapareceren, levan consigo tamén toda esa importante fonte de información. O autor pon en valor, por exemplo, nomes de lugar tan sonorosos cal *A Fontaíña*, *A Ramalleira*, *A Ribeira do Cómaro*, *Amarredonda*, *Gatón* e outros moitos que se achán presentemente preteridos para a maior parte da cidadanía mercé a unha selvaxe proxección urbanística nalgúnhas partes da cidade. No texto de Sánchez Rei tamén se salientan maneiras de nos aproximarmos de toponimias hoxe escasamente coñecidas, tales como algunas obras literarias, documentos legais e administrativos, o cancionero de transmisión anónima etc.

A seguir, a proposta de María Pilar García Negro fai fincapé no proceso histórico que levou a que unha grande parte dos topónimos e antropónimos galegos fose deturpada por parte de axentes colonizadores, un proceso, nas palabras da autora, “entreverado de arbitrariedade e ignorancia”. Nunha das seccións finais do contributo, pondera a necesidade fundamental de que o profesorado de galego explique e restaure a forma correcta dos apelidos e dos nomes de lugar galegos, o que, a seu ver, sería unha verdadeira e “necessaria modernización da didáctica da lingua galega, nomeadamente nos niveis obligatorios do ensino”.

En último lugar, o traballo de Xurxo Souto serve de ramo a esta edición. Despois de viaxarmos case iniciaticamente por Bergantiños,

por Arteixo, polo proceso histórico que levou a que moitos nomes fosen barbarizados e polos novos soportes comunicativos, o texto vóltonas á terra firme e encerra o noso percurso na cidade herculina a través dun novo roteiro toponímico, motivado agora por un dos seus elementos más característicos: o mar e a súa musicalidade. Da man de Emilio Mariñas, mestre percebeiro coruñés xa desaparecido, o autor establece un diálogo cos nomes de lugar das pedras percebeiras do Mar da Torre, que se inicia en Santo Amaro e que se vai difuminando en dirección á Costa da Morte. A través do *Grelle*, do *Redondo* ou da *Rabaleira*, o polifacetado artista reivindica a toponimia costeira tradicional para que, ao percorremos a cidade, sexamos capaces de escoitarmos tamén a súa melodía.

### 3. Esta edición

O labor editorial que houbo que desenvolver limitouse a unhas mínimas actuacións nos textos, sempre consensuadas cos autores e coas autoras. Así, en primeiro lugar, corrixíronse as poucas grallas que foron detectadas (do tipo *aqui* > *aquí*, *poéticamente* > *poeticamente*, *referidos as* > *referidos ás*, *sinalandao* > *sinalando*, *sua* > *súa* etc.). En segundo lugar, dentro de cada contributo, foron regularizadas duplas opcións morfolóxicas, sempre tendo en conta o elemento maioritario en cada artigo e baseándose nos estándares en vigor (*ao* / *ó* > *ao*, *dedicado* / *adicado* > *dedicado* etc.). En terceiro lugar, tentouse unificar cando foi posibel a presentación e a organización interna dos textos, ben como o sistema de citación en rodapé nos artigos en que se fixo uso del. Por último, en cuarto lugar, para dotar o conxunto dos textos dunha maior congruencia formal, tamén foron regularizados os principios de referenciação bibliográfica naqueles contributos que contaban con bibliografía final citada.

Finalmente, ten de se pór en relevo que o libro que o público lector ten nas mans non sería posibel sen a xenerosidade das persoas que participaron nel, quer ao aceptaren a petición de proferiren unha conferencia, quer ao pórena por escrito para esta edición. Por iso, a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda quere darles as máis expresivas grazas pola súa colaboración desinteresada, ao paso que os editores da obra, ao mesmo tempo, desexan igualmente manifestarllas o seu

agradecemento pola rapidez con que entregaron os orixinais e pola súa excelente colaboración nesta empresa que acabou concluíndo nestes *Aspectos da toponimia menor coruñesa*. Mercé á súa dispoñibilidade, moitos nomes de lugar xa non ficarán na obsolescencia colectiva e poderán ser, se non novamente empregados con normalidade, lembrados como parte dun importantísimo patrimonio cultural de que, como galegas e galegos, debemos orgullarnos.